

Caravaca de la Cruz e o Camiño de Levante (Murcia): impactos sociais e económicos do primeiro itinerario espiritual e cultural do sueste (SE) español, en fase de consolidación

Francisco José Morales Yago*

Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED), Departamento de Geografía, Calle Senda del Rey 7, Edificio de Humanidades, 28040 Madrid, España

Recibido: 23 de febreiro de 2021 / Aceptado: 27 de maio de 2021

Resumo

O século XIII considérase a data inicial do xurdimento de Caravaca de la Cruz (Murcia) como lugar de peregrinacións. Tras o seu nomeamento in perpetuum como cidade xubilar no ano 1998, este enclave incrementou de forma exponencial o número de peregrinos e turistas, converténdose no primeiro itinerario espiritual e cultural do SE español. As diversas iniciativas na potenciación turística fixaron un proceso de valorización continuado con importantes fases de estancamento nos anos non xubilares. Por todo isto, precísase unha maior consolidación e fixación deste produto turístico. Os indicadores e datos utilizados sinalan, a través da ferramenta DAFO, unha serie de accións en áreas de mellora imprescindibles para a potenciación turística, que axudarían a mellorar o desenvolvemento local, o nivel de benestar, o aumento do emprego ou a recuperación patrimonial nunha cidade e nunha comarca que se atopan por baixo dos indicadores socioeconómicos a nivel rexional e estatal, pero con enormes potencialidades como espazo atractivo para o turismo relixioso, cultural e de natureza.

Palabras clave

Peregrinacións; turismo; economía; Caravaca de la Cruz; desenvolvemento local.

Caravaca de la Cruz and the Levante Way (Murcia): Social and economic impacts on the first spiritual and cultural itinerary in south eastern Spain

Abstract

The thirteenth century is considered the instigation of the emergence of Caravaca de la Cruz (Murcia) as a place of pilgrimages. After its appointment "in perpetuum" as a jubilee city in 1998, this enclave has exponentially increased the number of pilgrims and tourists, becoming the first spiritual and cultural itinerary of the Spanish SE. The various initiatives in the promotion of tourism have established a process of continued valorization with important phases of stagnation in the non-jubilee years. Therefore, a greater consolidation and fixation of this tourist product is required. The indicators and data used indicate through the SWOT tool a series of actions in areas of essential improvement for the promotion of tourism that would help to improve local development, level of well-being, increase in employment or recovery of heritage in a city and region that is below the socioeconomic indicators at the regional and state level but with enormous potential as an attractive space for religious, cultural and nature tourism.

Keywords

Pilgrimages; tourism; economy; Caravaca de la Cruz; local development.

JEL Codes: L83, R58, Q01, Z12.

* Correspondencia autor: fjmorales@geo.uned.es

1. Introducción

As peregrinacións sempre estiveron unidas á evolución do ser humano sobre o planeta. As grandes relixións construíron santuarios ou espazos sacros a onde as persoas se desprazaron desde os seus lugares de orixe coa finalidade de buscar un encontro co sagrado ou co sobrenatural.

A xeografía dos lugares de peregrinación é ampla, e supón importantes espazos de concentración de persoas. Na maioría dos casos, aparecen unha serie de camiños, de vías ou de misións (Steil e Marques, 2008) que conducen a eses lugares, algunhas delas con percorridos de varios miles de quilómetros. Na Táboa 1 indicamos algúns dos máis destacados

Táboa 1. Principais lugares sagrados do planeta a onde chegan peregrinacións

Lugar	Relixión	Características
A Meca (Arabia Saudita)	Islam	Cada ano recibe máis de 13 millóns de peregrinos de todo o mundo, que levan visitándoa 1.400 anos, desde o século VII.
Bodh Gaya (India)	Budismo	Cidade Patrimonio da Humanidade desde 2002. Recolle un importante complexo de templos, entre os que destaca o de Mahabodhi.
Varanasi ou Benarés (India)	Hinduísmo	Situada na beira oeste do río Ganxes, é un dos sete lugares sagrados para a relixión hindú. Con 20 millóns de peregrinos ao ano, é o centro de peregrinacións máis concorrido do mundo.
Ise (Xapón)	Xintoísmo	É a cidade sagrada da relixión xintoísta. Alberga dous santuarios.
Roma (Italia)	Cristianismo	É a sé do Papa. Visítanse, entre outros lugares, O Vaticano, onde, segundo a tradición, se atopan os restos de San Pedro e de San Paulo Extramuros.
Xerusalén (Israel)	Xudaísmo, cristianismo e Islam	No Muro das Lamentacións os xudeus rezan e evocan a vinda de Cristo, e tamén é o lugar onde xurdiu o cristianismo a través do misterio de Xesús de Nazaret. Para os musulmáns, é a cidade sagrada onde o profeta Mahoma subiu ao ceo. É Patrimonio da Humanidade desde 1981.
Santiago de Compostela (España)	Cristianismo	Xurdiu como cidade de peregrinacións no século IX. Segundo a tradición, acolle os restos do apóstolo Santiago. É Patrimonio da Humanidade desde 1985.

Fonte: elaboración propia a partir de: <https://vivecamino.com/las-rutas-de-peregrinacion-mas-importantes-del-mundo-no-302/#grandes-peregrinaciones-religiosas-en-el-mundo>

Dentro da tradición cristiá, a dilatada historia desta relixión foi xerando a través do tempo un importante número de lugares sagrados como catedrais, santuarios, ermidas e igrexas singulares como, entre outros, os santuarios de Lourdes (Francia), Fátima (Portugal), Guadalupe (México), Divina Misericordia (Polonia), Medjugorje (Bosnia e Hercegovina) ou a Nosa Señora da Aparecida (Brasil). España é un dos países da cristiandade que máis lugares de peregrinacións e romarías reúne. Das cinco cidades santas recoñecidas pola Igrexa con peregrinacións a perpetuidade, tres delas se atopan en España –Santiago de Compostela, Santo Toribio de Liébana e Caravaca de la Cruz– xunto a Roma (Italia) e Xerusalén (Israel).

O culto á Santa Vera Cruz en Caravaca representa unha dilatada presenza no tempo, tendo constancia da súa existencia a partir da segunda metade do século XIII (Torres Fontes, 1969). Estas datas coinciden coa expulsión musulmá e mais coa desaparición da Taifa de Murcia en 1243 polas capitulacións de Alcaraz co infante Afonso de Castela, en representación de Fernando III, polas que se aceptaba o protectorado dos reinos de Castela e de León e pasaba a ser territorio da Encomenda de Santiago, o que levou á instalación de diversas ordes relixiosas (Sánchez Romero, 2009): a Compañía de Xesús en 1570, os Franciscanos en 1571, as Carmelitas Descalzas en 1576, San Xerónimo en 1582, os Carmelitas Descalzos en 1587 e os Franciscanos de Santa Clara en 1609. Caravaca de la Cruz consolidouse como

destino de fe e devoción á Santa Vera Cruz de forma significativa tras a concesión dun xubileu a perpetuidade e cada sete anos desde 1998 polo Papa San Xoán Paulo II.

Caravaca de la Cruz é un municipio da Rexión de Murcia (Figuras 1 e 2). Considérase pola súa importancia histórica, polo seu maior número de habitantes e pola súa oferta de servizos capital e centro administrativo da comarca do Noroeste. Ten unha poboación no ano 2020 de 25.688 habitantes, e o seu termo municipal alcanza unha extensión de 859,51 km², o que significa unha densidade de poboación de 29,88 habitantes/km², dato bastante inferior á media rexional (130 hab./km²) ou nacional (92 hab./km²).



Figura 1. Vista xeral de Caravaca (2020).

Fonte: <https://www.sitiosdeespana.es/articulo/caravaca-de-la-cruz-murcia>



Figura 2. Praza do Concello (2020). Fonte: www.laverdad.es

Entre os 45 municipios que compoñen a Rexión de Murcia, o de Caravaca sitúase en termos absolutos de poboación no número 14, ocupando o número 39 en canto a densidade de poboación. Pola súa extensión, é un dos maiores de Murcia, no quinto lugar, e ocupa o número 20 en todo o conxunto nacional. Está situado a 625 metros sobre o nivel do mar, a súa altitude media cara ao leste é de 600 metros, mentres que cara ao oeste se superan rapidamente os 800 metros. Presenta unha localización xeográfica clave como cruce de camiños entre Levante e Andalucía, tratándose dun espazo de transición en épocas pasadas entre o Reino Nazarí de Granada e Murcia, onde o núcleo de Caravaca representaba unha fortaleza defensiva privilexiada (Molina Molina, 2002) xunto a Lorca (García Marín, 2016) (Figura 3).




Figura 3. Emprazamento de Caravaca de la Cruz e morfoloxía do trazado urbano. Escala: 1: 25.000. Fonte: Iberpix (2019) <https://www.ign.es/iberpix2/visor/>

Dentro da configuración do termo municipal, destaca a existencia dunha serie de pedanías, en total 12, que acollen o 19,13% da poboación, mentres que no núcleo principal vive o 81,87%, cunha poboación inmigrante do 7,72% do total, datos moito máis baixos que a media rexional (14,1%) ou nacional (10,7%) (Táboa 2).

Táboa 2. Distribución da poboación en Caravaca por pedanías e número de estranxeiros (2020)

	Total	Española	Estranxeira
Caravaca de la Cruz –municipio–	25.688	23.704	1.984
Almudema (La)	215	209	6
Archivel	1.149	1.037	112
Barranda	806	725	81
Benablón	149	128	21
Caneja	141	118	23
Caravaca de la Cruz –núcleo–	21.031	19.436	1.595
Encarnación (La)	291	278	13
Huerta	813	744	69
Moral (El)	60	43	17
Moralejo (El) e Junquera (La)	66	62	4
Navares	353	321	32
Royos (Los)	50	46	4
Singla	319	314	5

Fonte: https://econet.carm.es/inicio//crem/sicrem/PU_CaravacaDeLaCruzCifras/P8016/sec8.html

En relación cos datos físicos, a temperatura media anual é de 15,4 °C. A súa temperatura media é de 7 °C no mes máis frío (xaneiro) e de 25 °C nos meses máis calorosos (xullo e agosto). En canto ás temperaturas extremas, no inverno pódense alcanzar os -7 °C, sendo frecuentes as xeadas, mentres que no verán se poden ter temperaturas extremas próximas aos 40 °C. As precipitacións presentan uns valores medios ao redor dos 380 mm/ano, sendo a primavera e o outono as épocas máis chuviosas; as choivas no verán son moi escasas, e cando se producen é en forma de tormentas curtas e ás veces intensas.

2. Material e método

A investigación empregada ten un carácter mixto, e utilizamos fontes documentais provenientes de varios organismos oficiais como o Instituto Nacional de Estatística (INE); a Comunidade Autónoma de Murcia, a través do Instituto de Turismo; e os concellos. A estas fontes sumouse un traballo realizado a través de entrevistas a expertos e a persoas coñecedoras desta temática, e tamén se desenvolveu un importante traballo de campo, visitando a maior parte dos núcleos de poboación que compoñen o espazo de estudo.

Destacamos a importante información documental fornecida pola Oficina de Turismo do Concello de Caravaca de la Cruz e pola Confraría da Vera Cruz. A implicación de ambas as institucións foi decisiva para profundar en aspectos estatísticos como a obtención de datos básicos relacionados coa evolución do número de visitas á cidade ou dos datos relativos á poboación como o comportamento demográfico, as dinámicas de crecemento ou as taxas de actividade económica e de empregabilidade.

Os instrumentos imprescindibles na procura de información foron a utilización do catastro urbano e diversos datos proporcionados a través do INE e do *Anuario Estadístico de la Región de Murcia*, elaborado pola Consellería de Economía, Facenda e Administración Dixital da devandita Comunidade Autónoma. Tamén se tivo en conta, por unha banda, o Plan xeral de ordenación urbana municipal actual, de 2008, que fixou as directrices de urbanización do espazo xeográfico da cidade e da súa contorna municipal; e, por outro, a Lei 3/1992, do 30 de xullo, de patrimonio da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, que nos permitiu coñecer o marco xurídico que ordenou o tratamento patrimonial de Caravaca, así como a xestión e ordenación dos recursos existentes ou a posta en valor destes dunha forma sostible e conciliadora (Cebrián Abellán, 2004; Zárate Martín, 2009).

Para a elaboración cartográfica consultouse a aplicación Cartomur, deseñada pola Consellería de Urbanismo e Obras Públicas da Rexión de Murcia, aínda que, finalmente, se incorporou cartografía elaborada por outras fontes que se citan ao pé de cada imaxe. Por último, incorpóranse fotografías extraídas das fontes citadas, que axudan a valorar a imaxe da paisaxe, e que constitúen un testemuño gráfico que mostra os grandes cambios xerados polas políticas de rehabilitación e renovación da cidade, mostrándose tamén outras imaxes onde aparecen recursos turísticos de gran valor, como as festas patronais ou as relacionadas coas peregrinacións ao Santuario-Fortaleza da Vera Cruz, dentro dunha dinámica territorial global (Andrés Sarasa, 2002; Espejo Marín, 2008).

Para a realización do estudo aplicouse unha metodoloxía cualitativa cun nivel de análise exploratorio cuxa ferramenta de recollida de datos foi a entrevista en profundidade, estandarizada e aberta, é dicir, unha entrevista configurada por preguntas abertas, redactadas do mesmo xeito para todos os entrevistados, e de resposta libre. O obxectivo perseguido coa utilización deste instrumento foi a obtención dun gran volume de información acerca dos impactos que ocasiona o turismo na cidade de Caravaca de la Cruz e os itinerarios xerados de acceso á cidade, a maioría localizados na Rexión de Murcia e nas provincias de Alacante e Albacete, así como o denominado Camiño da Cruz, un proxecto aínda por desenvolver entre Roncesvales e Caravaca.

A mostra realizouse a través dun procedemento de mostraxe non probabilística por selección experta de axentes implicados, utilizando como criterio de selección a especialidade dos participantes, provenientes na súa maioría do ámbito empresarial, académico e da investigación. Á hora de seleccionar os participantes, optouse por uns criterios mínimos de homoxeneidade-heteroxeneidade para manter a simetría da relación dos compoñentes dos grupos, e así asegurar a diferenza de criterios.

Para a recollida de información acudiuse a persoas de fácil acceso dos centros nos que se aplicaron os cuestionarios. Considérase que as persoas seleccionadas contan coa suficiente formación e experiencia, utilizándose, por tanto, un criterio de selección de expertos, isto é, de persoas que coñecesen ben o espazo e a temática estudada. Ao longo das entrevistas, creáronse momentos de grande interacción entre o entrevistador e os entrevistados; a través dun cuestionario semiestruturado, pero aberto a matizacións, recolleuse a información de forma transversal, é dicir, recollida dunha soa vez co obxectivo de estudar fenómenos presentes no momento de realización da enquisa, o que permitiu un estudo tanto descritivo como analítico, obtendo estimacións xerais das variables, comparacións entre subgrupos (membros das asociacións que promoven a cultura local, autoridades locais, técnicos de turismo, persoal de hostalería e restauración, etcétera) e relacións entre variables. Asígnase un código a cada unha das persoas entrevistadas, de tal forma que resultase fácil identificar as opinións de cada unha delas (Táboa 3).

Táboa 3. Mostra seleccionada nas entrevistas

Colectivo	Nº entrevistas	Código
Técnicos de turismo municipais	3	TE1-TE3
Responsables da Fundación Cajamurcia	1	CAJ-1
Responsables do Consorcio Vías Verdes	1	CVV1-CVV2
Instituto de Turismo da Rexión de Murcia	2	ITM1-ITM2
Membros da Asociación Caravaca Jubilar	2	ASC1-ASC3
Membros de axencias de viaxes	1	AV1-AV2
Gremio de artesáns	2	AR1-AR2
Membros de sindicatos actividade turística	1	SI1-SI2
Membros de patronais de hostalería	2	PH1-PH2
Responsables da Administración (municipios NON)	2	AD1-AD2

Fonte: elaboración propia.

Con respecto á mostra de informantes, a súa longa experiencia, a súa ampla e dilatada traxectoria profesional e a variedade de responsabilidades failles coñecedores do sistema de organización da conterna turística da comarca. Estas características, xunto coa súa variedade nas idades e nas funcións desempeñadas, aseguran unha información ampla e diversa que, por proceder de fontes variadas e complementarias, enriquecen a visión por nós pretendida. En xeral, os colectivos participantes mostráronse receptivos co tema e moi conscientes dos cambios que se están producindo na sociedade e na economía da zona no tempo presente (Chaves e Faber, 2019).

A análise DAFO é unha ferramenta eficaz para a análise de estudo da situación dunha empresa ou dun proxecto, que estuda as súas características internas (debilidades e fortalezas) e a súa situación externa (ameazas e oportunidades) nunha matriz cadrada. Provéen das siglas en inglés SWOT (Strengths, Weaknesses, Opportunities, Threats), e é unha ferramenta que permite coñecer a situación real na que se atopa unha organización, unha empresa ou un proxecto, e planear unha estratexia de futuro. Tamén favorece a participación de distintos grupos de interese, xa que os participantes nas entrevistas son expertos ou coñecedores da investigación levada a cabo, o que indica suficientes garantías de fiabilidade nas respostas, e iso incrementase cando as respostas chegan a un índice de saturación alto (por encima do 90% de coincidencias). Da combinación de fortalezas con oportunidades xorden as potencialidades, as cales sinalan as liñas de acción máis prometedoras para a organización. As limitacións, determinadas por unha combinación de debilidades e ameazas, supoñen unha seria advertencia (Táboa 4), e convidan á posta en marcha de accións que melloren as perspectivas na xestión turística (Velasco González, 2009) e unha adecuada planificación territorial como destino turístico (Vera Rebollo, López Palomeque, Marchena Gómez e Antón Clavé, 2011).

Os riscos (combinación de fortalezas e ameazas) e os desafíos (combinación de debilidades e oportunidades), determinados pola súa correspondente combinación de factores, esixirán unha coidadosa consideración á hora de marcar o rumbo que a organización deberá asumir cara ao futuro desexable.

Unha vez finalizadas as análises parciais (definidos os obxectivos sobre os que se desenvolve o estudo e realizado o traballo de campo para coñecer a realidade sobre a que imos facer o devandito estudo), estas permitirannos realizar un diagnóstico das debilidades, das ameazas, das fortalezas e das oportunidades para, a continuación, e en función desta análise, establecer uns obxectivos, propoñer diferentes estratexias de desenvolvemento capaces de superar os condicionantes identificados e alcanzar os obxectivos de coñecemento do modelo de desenvolvemento turístico das terras do interior, neste caso do termo municipal de Caravaca de la Cruz.

Táboa 4. Táboa-matriz análise DAFO

	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	Que oportunidades externas poden ser aproveitadas polas fortalezas internas? Potencialidades.	Que ameazas externas poden ser contrarrestadas polas fortalezas internas? Limitacións.
Debilidades	Que oportunidades externas poden ser aproveitadas se se superan as debilidades internas? Desafíos.	Que ameazas externas non poden ser contrarrestadas se non se superan as debilidades internas? Riscos.

Fonte: Cànoves, Villarino, Blanco-Romero, de Uña Álvarez, e Espejo (2014).

A análise interna examina en profundidade cada un dos compoñentes que configuran as características internas da posta en valor das instalacións e dos recursos turísticos co propósito de identificar puntos fortes e débiles na organización delas, a realización de novos proxectos ou o rendemento en canto a visitas existentes. A análise externa, pola súa banda, estuda a situación e as perspectivas da contorna en xeral para identificar e avaliar as variables que poden constituír oportunidades ou ameazas para o desenvolvemento deste modelo turístico. Este debe ter en conta a situación socioeconómica dos visitantes (Millán Escriche, 2004); as políticas locais, rexionais e nacionais; así como o contexto do mundo global en que se desenvolve a economía turística do século XXI. A ferramenta DAFO é un instrumento habitual nestes tipos de análises territoriais do turismo e na elaboración de plans estratéxicos para o desenvolvemento turístico respondendo a diversas fases como a organización e preparación do plan, investigación e análise, formulación de propostas (obxectivos, estratexias, actuacións, recomendacións, etcétera), execución, seguimento e control.

Na elaboración previa á análise DAFO realizouse unha matriz que presenta puntos clave para abordar o conxunto dos procesos estudados. Propuxéronse un total de 26 ítems a través dunha escala tipo Likert de 1 a 5, así como varias preguntas abertas que identificasen o sentido das accións básicas para aplicar a DAFO, o que se denominaría CAME (Corrixir-Afrontar-Manter-Explotar), como unha ferramenta importante que extrae as máximas posibilidades da DAFO (Táboa 5).

A análise CAME aplicada neste traballo preséntase como unha metodoloxía complementaria á análise DAFO. A través dela ofreceranse iniciativas e pautas concretas sobre os aspectos máis sobresalientes do diagnóstico DAFO, así como estratexias que permitan o desenvolvemento do acrónimo CAME (Táboa 6).

Táboa 5. Ítems e preguntas para o desenvolvemento de entrevistas DAFO-CAME

	Nada 1	Pouco 2	Normal 3	Bastante 4	Moito 5
1. Achega beneficios económicos.					
2. Mellorou o emprego grazas a este itinerario.					
3. Existe un aumento demográfico na zona.					
4. Existe actividade turística todo o ano.					
5. Aprovéitanse os recursos naturais e a paisaxe.					
6. Aprovéitanse os recursos culturais.					
7. Nótase o impacto do turismo na zona.					

Táboa 5 (continuación). Ítems e preguntas para o desenvolvemento de entrevistas DAFO-CAME

	Nada 1	Pouco 2	Normal 3	Bastante 4	Moito 5
8. Melloraron as infraestruturas de transporte.					
9. Creceu a oferta inmobiliaria.					
10. Percíbese apoio das institucións públicas.					
11. Mellorou a iniciativa privada.					
12. Existen campañas de promoción turística.					
13. Existe un crecemento da oferta cultural e do ocio.					
14. Aumentou a cantidade de aloxamentos.					
15. Mellorou a calidade dos aloxamentos.					
16. Promociónase a oferta gastronómica.					
17. Promociónanse as actividades deportivas.					
18. Organízanse eventos e congresos.					
19. Existe unha ampla formación educativa.					
20. Veciños e asociacións colaboran na promoción.					
21. Melloraron os servizos e os equipamentos.					
22. Existen problemas de seguridade no Camiño.					
23. Funciona a conectividade de internet e da telefonía.					
24. Percíbese un aumento de peregrinos cada ano.					
25. Considérase un itinerario sostible.					
26. Percíbese un aumento de peregrinos estranxeiros.					
1. Cales son os aspectos máis necesitados dunha mellora urxente para a promoción deste itinerario cultural e relixioso?					
2. Cales serían as principais dificultades na promoción?					
A continuación, pedímoslle que leve a cabo unha análise DAFO sobre a xestión e a imaxe que ten a oferta turística do Camiño da Vera Cruz de Caravaca.	DEBILIDADES			OPORTUNIDADES	
	FORTALEZAS			AMEAZAS	
Realice comentarios que entenda que non se lle formularan para a valoración actual e para a mellora do turismo no ámbito deste territorio.					

Fonte: elaboración propia.

Táboa 6. Desenvolvemento da estratexia CAME

Palabra clave	Características	Estratexias
Corrixir debilidades.	Lanzar iniciativas que poden facer desaparecer as debilidades detectadas. Iso obedece a unha planificación consensuada de iniciativas reais e de rápida implementación.	Estratexia de reorientación e supervivencia.
Afrontar ameazas.	Evitar que as ameazas se convertan en debilidades, intervindo con accións que poidan prexudicar a deterioración na evolución turística por causas variadas, como a competitividade doutros espazos.	Estratexia de supervivencia e defensiva.
Manter fortalezas.	Tomar medidas eficaces para non perder fortalezas pois, desta maneira, mantense a necesaria competitividade. Cómpre preservar a solidez daqueles recursos básicos que son piares esenciais.	Estratexia ofensiva e defensiva.
Explorar/explotar oportunidades.	Crear estratexias e planificar accións para converter as oportunidades en futuras fortalezas. A capacidade de emprendemento, o reforzo e as alianzas son os elementos clave.	Estratexia de reorientación e ofensiva.

Fonte: elaboración propia a partir de <https://www.pdcahome.com/8391/analisis-came/>

3. Resultados

Caravaca de la Cruz, como destino turístico e itinerario cultural, presenta importantes potencialidades que se mostrarán tanto na análise DAFO-CAME como nunha serie de indicadores significativos sobre o incremento da actividade económica, o rexistro de visitantes ou a posta en valor de varias rutas de acceso a Caravaca desde diversos puntos da Rexión de Murcia, provincias de Albacete e Alacante así como o proxecto do “Camiño de la Cruz”, que uniría o Camiño de Santiago desde Roncesvales a Caravaca.

3.1. Análise DAFO-CAME

A obtención dos resultados desta análise é froito do estudo en profundidade das entrevistas realizadas e mais do traballo de análise espacial levado a cabo polo autor deste traballo. Do mesmo modo, tamén o acceso a bases de datos rexionais e municipais foron primordiais para extraer información, contrastala e chegar a conclusións estimativas reais e veraces. Indicamos a continuación, de forma sintética, os puntos máis destacados do estudio efectuado respecto da análise interna (Táboa 7). En relación coa análise externa, onde figuran ameazas e oportunidades, podemos ver a Táboa 8.

Táboa 7. Análise interna DAFO-CAME

Debilidades	Fortalezas
1. Excesiva dependencia dos anos xubilares que se repiten cada sete anos; cando son anos ordinarios as peregrinacións son pouco significativas.	1. Xubileu perpetuo desde 1998, un dos poucos lugares no mundo.
2. Non existen hoteis con categoría de tres ou de catro estrelas.	2. Recoñecemento como Patrimonio Inmaterial da Humanidade pola Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO); Festa dos <i>Caballos del Vino</i> en maio.
3. Necesidade de mellorar a sinalética dos “camiños” que chegan a Caravaca.	3. Grande oferta de museos (sete).
4. O grao de pernoitas é moi baixo.	4. Patrimonio monumental variado e de gran beleza.
5. Investimentos públicos nalgúns casos desafortunados.	5. Patrimonio natural de gran valor ambiental.
6. Falta moito patrimonio por restaurar e poñer en valor.	6. Recoñecemento a nivel nacional da Festa das <i>Cuadrillas</i> , na pedanía de Barranda.
7. Os horarios de acceso a determinados espazos son escasos.	7. Localización xeográfica excelente, entre Andalucía e Levante.
8. A maioría dos turistas concéntranse na fin de semana.	8. Proximidade a cidades como Murcia, Lorca ou Cartaxena.
9. Escaso éxito dos camiños planeados para chegar a Caravaca: Levante, Apóstolo, Altiplano, Guadalentín, Andalucía, Cruz, etcétera.	9. Excelente conexión por autovía con Murcia.
10. Sector servizos pouco desenvolvido con respecto ao comercio.	10. Caravaca de la Cruz e a súa comarca está chea de recursos turísticos naturais e monumentais, por exemplo poboacións como Moratalla, Cehegín ou Calasparra.
11. Escasa oferta formativa en hostalería e servizos turísticos.	11. Xunto á ruta do viño de Bullas e a monumentalidade de Mula.
12. Economía local pouco capitalizada para afrontar investimentos no medio e no longo prazo.	12. Vía Verde e posta en valor.
13. Falta coordinación entre iniciativa pública e privada.	13. Apoio institucional desde o Goberno autonómico con importantes investimentos (García Pérez, 2003).
14. Espazo estancado demograficamente.	14. Sensibilidade desde moitas asociacións e sectores cara á promoción deste itinerario.
15. Oferta limitada como espazo de turismo de interior, rural e de aventura.	15. Caravaca é capital comarcal polos seus múltiples servizos: hospital, escola de idiomas, conservatorio, sede da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), ocio nocturno, etcétera.
16. Pouca conectividade no transporte colectivo.	16. Gastronomía destacada.
	17. Artesanía recoñecida.

Fonte: elaboración propia.

Táboa 8. Análise externa DAFO-CAME

Ameazas	Oportunidades
1. Forte competencia doutros destinos turísticos dentro e fóra da Rexión de Murcia.	1. O turismo de interior, cultural, é un produto cada vez máis demandado.
2. Falta de investimentos públicos debido ao déficit xeneralizado polos efectos da COVID-19.	2. Apertura e conectividade co Camiño de Santiago en Roncesvalles a través do Camiño da Cruz.
3. Escasa competitividade pola falta de adaptación ás novas técnicas de xestión empresarial.	3. Promoción da Vía Verde do Noroeste de Murcia.
4. Aumento do paro e da precariedade laboral.	4. Promoción doutras vías de acceso a Caravaca desde outras provincias, incluído o Camiño de San Juan de la Cruz.
5. Falta de coordinación entre concellos e Administración autonómica.	5. Posibilidade de acceder a fondos europeos estruturais por tratarse dun espazo baleirado.
6. Caída dos establecementos hoteleiros por falta de ocupación en anos non xubilares, que son case todos menos cada sete anos.	6. Posta en valor de todo o patrimonio monumental, cultural e etnográfico.
7. Avellentamento poboacional e caída da natalidade.	7. Mellora na formación de empresarios e traballadores en actividades terciarias.
8. Abandono da poboación nas pedanías existentes.	8. Aproveitamento da autovía que conecta Murcia (A7) con Caravaca.
9. Diminución dos recursos hídricos.	9. Promoción da cidade en feiras e eventos internacionais.
10. Edificios históricos en mal estado que ameazan ruína.	10. Implantación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) para a promoción deste produto turístico.
11. Converter a cidade en lugar de paso para unhas horas.	11. Proximidade de áreas turísticas como Murcia, Lorca ou a costa mediterránea.
12. Promoción de visitas que xeran poucos ingresos (terceira idade ou escolares) que, malia ser moi loable, pode dificultar a chegada de turistas con máis poder adquisitivo.	

Fonte: elaboración propia.

3.2. Datos socioeconómicos relevantes

A análise das entrevistas realizadas e a información proporcionada polas institucións públicas sinalan unha notable diferenza na chegada de visitantes á cidade de Caravaca en relación cos anos xubilares e cos que son ordinarios (Figura 4). Observando esa evolución nos anos xubilares (2003, 2010 e 2017), o número de vistas supón en moitos casos un incremento de máis dun 901,78%, como ocorreu no último ano xubilar (2017) en comparación co ano anterior (2016). É destacable un certo estancamento nos anos que non son xubilares, o cal repercute nas expectativas de crecemento turístico da cidade. Outro dato interesante sería o importante crecemento de visitantes nos anos xubilares, cun incremento entre o primeiro ano xubilar (2003) e o último (2017) dun 28,52%. Sen datos concluíntes, as autoridades indicaron que se podería chegar durante ese último ano a máis de 800.000 visitas á cidade, o que supoñería un impacto económico na comarca duns 65 millóns de euros¹.

En relación co gasto turístico, estímase un gasto diferenciado entre aqueles que veñen para un só día daqueles que pasan polo menos unha noite. Ofértanse un total de 919 prazas hostaleiras en catorce aloxamentos (Táboa 9) entre hoteis (4), hospedaría (5), apartamentos (4), albergues (1) e aloxamentos rurais (37). O gasto estimado para o visitante dun día é de 37,80€ e con aloxamento dunha noite supoñería 92,8€.

A distribución estimada do gasto indicaría unha porcentaxe do 57,4% en comida/restauración, un 29,8% en compra de lembranzas e agasallos e, finalmente, un 12,8% en museos. Cando existe aloxamento, a distribución do gasto medio ocuparía as maiores porcentaxes no aloxamento (42,6%) e na comida (28,9%); o resto distribúese entre a compra de recordos (6,3%), a entrada a museos (8,4%), gastos complementarios (6,7%) e outros gastos non especificados (7,1%) (Figura 5).

¹ https://cadenaser.com/emisora/2017/02/11/radio_murcia/1486813391_710298.html




Figura 4. Evolución das visitas a Caravaca de la Cruz (2002-2019). Fonte: Oficina de Turismo de Caravaca de la Cruz.

Táboa 9. Prazas de aloxamento no municipio de Caravaca

Nome establecemento	Número prazas	Categoría
Hotel Central (pechado)	51	***
Hotel El Llano	100	**
Hotel El Zorro	32	**
Hotel Malena	32	**
Hospedería El Carmen	54	
Hospedería Jardines Casablanca	16	
Hospedería Almunia	21	
Hospedería El Molino	28	
Hospedería Pedro Barreda	10	
Apartamentos Aixa I	72	
Apartamentos Aixa II	96	
Apartamentos Cuesta Cruz	33	
Apartamentos D. Ávaro	3	
Albergue Peregrinos	24	
Aloxamentos rurais (37)	347	
TOTAL	919	

Fonte: elaboración propia.




Figura 5. Distribución porcentual do gasto medio. Fonte: elaboración propia.

3.3. Detección dos problemas máis relevantes

A análise das entrevistas e, basicamente, as respostas ás preguntas 27 e 28 sinalan unha serie de problemas ou impedimentos que frean o desenvolvemento de Caravaca como destino turístico rele-

vante. Na Figura 6 indicamos os máis destacados desde o punto de vista porcentual, que serían o déficit de aloxamentos hostaleiros e de albergues. A aplicación dun índice tradicional como é o *Defert*, que representa a relación existente entre a capacidade de acollida, expresada xeralmente en número de prazas hostaleiras, e a poboación residente, indica un valor de 3,57, dato que sinala un taxa de función turística baixa respecto aos aloxamentos.




Figura 6. Principais problemas para a consolidación do turismo en Caravaca de la Cruz. Fonte: elaboración propia.

A falta dun maior asociacionismo para desenvolver plans de conxunto entre as distintas Administracións Públicas é outra cuestión que debería mellorarse. A baixa oferta na formación de profesionais, un transporte público deficiente que conecte con maior frecuencia a cidade con Murcia capital e a falta de promoción de eventos e de márketing turístico da cidade son outros factores destacados nesta serie de debilidades que precisan dunha intervención e que, de seren resoltos, mellorarán a xestión e a promoción turística.

Finalmente, engadimos outras cuestións que precisan un maior grao de intervención por tratarse de problemas estruturais que implican accións a longo e a medio prazo. Destacamos o importante estancamento demográfico, pois a comarca conta con municipios que mesmo perden poboación, como é o caso de Moratalla (Morales Yago, 2021), do mesmo xeito que sucede nalgunhas cabeceiras comarcais de Galicia (Martínez e Peón, 2015). Por outro lado, os niveis de desemprego tanto da comarca de Caravaca (un 20,8%) como da cidade de Caravaca (un 17,6%) son superiores aos da Rexión de Murcia (un 15,4%). O fortalecemento deste turismo rural de interior frearía a situación demográfica, do mesmo xeito que sucedeu en áreas rurais de Sardeña (Lampreu, 2020), e alíanaríase coas novas tendencias dun turismo sostible e “lento” (Pistocchi, Curiazi e Dallaria, 2018).

3.4. A promoción dos Camiños a Caravaca de la Cruz

Con motivo dos anos xubilares 2003 e 2010, propúxose, a través do financiamento da desaparecida Caixa de Aforros do Mediterráneo (CAM), a sinalización en total de sete camiños ou roteiros situados desde distintas cidades da Rexión de Murcia, que propoñían xeralmente entre dúas e sete etapas, percorrendo un mínimo de 27 km (Camiño de Letur) e un máximo de 138 km (Camiño do Apóstolo). Poderíanse realizar a pé, en bicicleta ou a cabalo. Pasados os anos, esta proposta quedou reducida ao denominado Camiño de Levante, que uniría a cidade de Orihuela (Alacante) e Caravaca, empregando un total de cinco etapas e cun percorrido de 118 quilómetros, pasando por poboacións como Murcia, Alcantarilla, Mula, Bullas e Cehegín².

A Vía Verde³, recuperada a partir do antigo trazado ferroviario que unía Murcia con Caravaca (entre 1933 e 1971), é o eixe deste Camiño que rexistra unha afluencia ao longo de todo o ano, pero que ne-

² <https://www.murciaturistica.es/camino-de-la-cruz/etapas/>

³ <http://www.viasverdes.com/itinerarios/itinerario.asp?id=88>

cesita unha maior dotación de infraestruturas, como albergues e espazos de restauración, para consolidarse como destino permanente. O Camiño Natural Vía Verde do Noroeste da Rexión de Murcia é unha ruta acondicionada para usuarios non motorizados. Trátase dun itinerario ecoturístico con sentido de peregrinaxe e que aproveita antigas estacións e apeadoiros recuperados como albergues para o usuario. Atravesa viadutos e túneles, cunha paisaxe chea de contrastes, ten unha lonxitude de 78 quilómetros e unha potencialidade como recurso turístico destacable dentro das novas modalidades de mobilidade orixinadas polo turismo de interior (Collings-Kreiner, 2014), integrado dentro do sistema turístico global existente (Mojshevich, Raisovna, Aleksandrovich, Kamilevich e Valerevna, 2017) (Figura 7).



Figura 7. Tramos do Camiño Natural Vía Verde de Noroeste da Rexión de Murcia sobre o antigo trazado ferroviario (2019). Fonte: https://www.murciaturistica.es/es/via_verde_noroeste/

Na Figura 8 recóllense os Camiños da Vera Cruz de Caravaca na Rexión de Murcia e en Alacante e Albacete.

Con motivo do ano xubilar 2017, seláronse unhas 14.000 credenciais de persoas que completaron este itinerario⁴, un dato aínda moi afastado dos grandes camiños de peregrinación como é o caso de Santiago de Compostela⁵ ou incluso a visita aos importantes santuarios dispersos polo noso país como El Rocío⁶ (Huelva), Covadonga⁷ (Asturias), El Pilar⁸ (Zaragoza), Montserrat⁹ (Barcelona) ou Guadalupe¹⁰ (Cáceres).

Destacamos como unha iniciativa interesante pero aínda sen consolidar o denominado Camiño da Cruz (Figura 9), que se inicia en Roncesvales, discorre polo Camiño de Santiago, atravesando cinco comunidades autónomas –Navarra, Aragón, Valencia, Castela-A Mancha e Murcia–, cun percorrido de case 900 quilómetros e que polo momento é un gran descoñecido para a maioría dos seguidores desta modalidade turística. Ten a peculiaridade de enlazar co Camiño de Santiago á altura de Puente de la Reina para os peregrinos que proceden de Somport-Jaca, ou seguir o mesmo trazado para os que o inician desde Saint Jean Pied de Pont.

⁴ <https://diocesisdecartagena.org/caravaca-cruz-anyo-jubilar-2017/>

⁵ <https://www.caminodesantiago.gal/es/inicio>

⁶ <https://www.andalucia.org/es/conoce-andalucia/arte-cultura-y-tradiciones/el-rocio/la-aldea-de-el-rocio>

⁷ <https://santuariodecovadonga.com/>

⁸ <https://www.turismodearagon.com/ficha/basilica-de-nuestra-senora-del-pilar-zaragoza/>

⁹ <https://abadiamontserrat.cat/>

¹⁰ <http://monasterioguadalupe.com/>



Figura 8. Os Camiños da Vera Cruz de Caravaca dentro da Rexión de Murcia, Alacante e Albacete. Nota: Escala: 1: 1.850.000. Fonte: <http://www.lacruzdecaravaca.com/anos-santos/los-caminos-la-vera-cruz/> (2017).




Figura 9. O Camiño da Cruz desde Roncesvalles a Caravaca de la Cruz (2017). Nota: Escala: 1: 7.400.000. Fonte: De la historia de mira - Traballo propio, CC BY-SA 3.0, <https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=31506181>

Tamén se tentou promocionar a ruta de San Juan de la Cruz desde Beas del Segura (Xaén) ata Caravaca¹¹, seguindo o camiño do santo español, pero esta iniciativa deu escasos resultados. Nas entrevistas realizadas a expertos, estes indicaban como causas desta baixa incidencia a falta de promoción, a necesidade de facer unha sinalética adecuada, a difusión masiva a través de redes sociais e a necesidade dunha decisiva intervención das autoridades públicas, que deberían unirse para promover os dis-

¹¹ <https://caminodesanjuanodelacruz.org/#inicio>

tintos espazos por onde pasa este Camiño. Esta é unha cuestión interesante e necesaria para estas localidades da España interior (Cànoves et al., 2014), que están a sufrir un gran proceso de despoboamento como serían, entre outras, as provincias de Teruel, Cuenca ou Albacete (del Romero, 2018), cunhas actuacións que demandarían unha nova estratexia territorial (Comisión Europea, 1999).

4. Discusión e conclusións

Os resultados deste traballo sinalan que Caravaca de la Cruz é un destino turístico e cultural interesante, de grandes potencialidades, pero aínda nunha fase inicial de consolidación. Ten a garantía de tratarse dun itinerario que polo menos cada sete anos alberga un xubileu coñecido e apreciado dentro da cultura cristiá e que tamén se abre paso por outras motivacións como serían o aspecto cultural, ambiental, paisaxístico ou deportivo. A diferenza doutros “Camiños”, como podería ser o Camiño de Santiago (Martínez, Castro e Fraiz, 2018; Santos, 1999), en xeral expón percorridos curtos, menos de 100 quilómetros, salvo o descoñecido Camiño da Cruz, que comeza en Roncesvalles a 900 quilómetros de Caravaca. Traballos anteriores realizados por Andrés e Espejo (2006), García (2010) ou Morales (2018), expuxeron as potencialidades deste espazo, sinalando datos que indicaban un ritmo de crecemento de visitantes importante. Nos últimos cinco anos obsérvase un ritmo de crecemento lento, mesmo nalgúns anos en retroceso, sen contar, por suposto, a situación acaecida en 2020 e 2021 pola crise sanitaria xerada pola COVID-19 que paralizou o volume turístico en case un 100%.

Así e todo, os importantes esforzos realizados pola Administración Pública en canto a investimentos en infraestruturas e á apertura de novos espazos culturais, así como os investimentos privados na dotación de novos espazos de restauración e aloxamento, non se están a traducir en facer de Caravaca un destino cultural e relixioso de primeira orde; de feito, as visitas son moi curtas respecto ao tempo de permanencia na cidade, a maioría son estancias dun día, cunha duración media nunca superior a oito horas, o que non favorece a asistencia aos distintos recursos turísticos existentes que, á parte do xubileu, se ofrecen como a Festa dos *Caballos del Vino*, declarada en 2020 Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade pola UNESCO, ou a Festa das *Cuadrillas*, desenvolvida na pedanía de Barranda e cualificada de interese turístico nacional.

Do mesmo xeito que outras cidades merecedoras de bula papal, como o Camiño de Santo Toribio de Liébana, cada sete anos e desde 1512, Urda (Toledo), en honra á Sacra Imaxe do Santísimo Cristo da Vera-Cruz desde 1994, e Valencia desde 2014 en honra ao Santo Cáliz da Última Cea, estes destinos non terminan de constituírse en itinerarios culturais-relixiosos consolidados e cun impacto importante nos trazados que ocupan, tal e como si sucede co Camiño de Santiago desde hai varias décadas.

Das análises realizadas e expostas nos anteriores apartados de estudo, salientamos a urxente necesidade de levar a cabo un plan director que aglutine e complemente a iniciativa pública e privada, capaz de ofrecer ferramentas de dinamización económica que poderían incrementarse coa consolidación deste destino turístico que presenta un espazo local que, desde hai décadas, tenta conformar un dos polos de atracción de turismo relixioso, rural ou de interior de referencia no SE peninsular e, ata o momento, non logrou conseguilo.

A continuación, expóñense nestas conclusións as liñas de traballo máis relevantes:

1. Os plans de promoción turística deseñados deben axustarse a un plan director xeral cuxo modelo de xestión debería aglutinar cando menos as seguintes liñas de actuación fundamentais:
 - Unha recuperación integral do patrimonio histórico e artístico da cidade e da comarca. O esforzo desenvolvido foi importante e debe continuar dunha forma organizada e sostible a través de plans bianuais ou quinquenais no futuro. Desta forma asegurárase a recuperación e o mantemento dun espazo de alto valor monumental (Molina, 2002).
 - Mellorar as infraestruturas de comunicación e de acceso á comarca de Caravaca polo norte, aumentando a conectividade entre La Venta del Olivo (acceso á A-30), que enlaza coa autovía a Madrid, e a través de Jumilla coa A-33, que enlaza Jumilla con Valencia. As potenciais chegadas de turistas da costa terían dous focos importantes: o primeiro a Manga do Mar Menor/Cartaxena e o segundo Mazarrón-Águilas, o que significa unha mellora da conectividade entre Lorca e Ca-

ravaca. A recuperación da liña ferroviaria entre Murcia-Caravaca, pechada en 1971, debería someterse a estudo para unha mellora da vertebración territorial.

– A posta en marcha do aeroporto internacional de Murcia en Corvera e mais o aeroporto internacional de El Altet en Elxe-Alacante quedan a unha distancia de 87,9 km o primeiro e de 138,5 km o segundo, polo que se debería aproveitar para promover desde estes aeroportos a visita a Caravaca.

2. Os anos xubilares desenvolto cada sete anos teñen unha importante afluencia, aínda que se estima que unha porcentaxe superior ao 50% son habitantes da Rexión de Murcia e provincias limítrofes, o que indica unha baixa proxección do xubileu a nivel nacional e aínda menos internacional. Nos anos que non son xubilares, o número de visitantes á cidade é moi baixo, o que impide a creación de máis establecementos hostaleiros e de restauración, así como unha baixa asistencia a museos e actos culturais.
3. A Declaración de Patrimonio Inmaterial da Humanidade dos *Caballos del Vino* (Melgares, 1992) e de Festa de Interese Turístico Nacional do Festival de *Cuadrillas* de Barranda debe ser motivo de promoción e difusión da cidade como destino cultural de grande importancia.
4. Falta desenvolver moito máis as rutas trazadas de peregrinación a Caravaca. Destacamos o Camiño de Levante, que une as cidades de Orihuela con Caravaca; tamén é necesario poñer en valor o itinerario do Apóstolo, que une Cartaxena con Murcia e por tanto co Camiño de Levante. A ruta da Cruz, que parte por Roncesvales e pasa polas provincias de interior de Pamplona, A Rioxa, Zaragoza, Teruel, Cuenca e Albacete ata chegar a Caravaca, debe ser promovida polas distintas comunidades autónomas. Necesítase un gran traballo de colaboración e mais o financiamento adecuado para que esta proposta prospere. Actualmente é un itinerario en proxecto que debería poñerse en funcionamento.
5. Cómpre a promoción e márketing de Caravaca e a súa comarca como un produto turístico e un itinerario cultural de gran potencialidade a través de operadores de turismo e campañas publicitarias. É imprescindible a asistencia e presenza institucional en feiras como a Feira Internacional do Turismo (FITUR) e outras de carácter internacional fóra de España; tamén os contactos estables con almacenistas (operadores de turismo) e a presenza permanente nas redes sociais. Só así se fará posible a difusión mediática necesaria do proxecto turístico de Caravaca e se garantirá a chegada de visitantes e turistas con máis regularidade que o carácter puntual dos anos xubilares.
6. O aumento da formación das persoas nas actividades relacionadas co turismo é imprescindible. Requírese o incremento da formación profesional dos traballadores relacionados cos servizos de restauración, hostalería, guías turísticos con dominio de varios idiomas, etcétera, tendo en conta que a calidade do capital humano é primordial no turismo, que é unha actividade baseada no coitado e na atención que unhas persoas lles prestan a outras. Neste sentido, habería que vencer o obstáculo que supón a ausencia en Caravaca dalgún centro dedicado á formación e cualificación de profesionais do turismo a partir dos estudos regrados en módulos de grao medio ou superior sobre hostalería ou restauración.
7. Aplicar obrigatoriamente criterios de sustentabilidade (Cebrián, 2001) de acordo coa Carta do Turismo Sostible de Vitoria de 2015 e as recomendacións da Organización Mundial do Turismo (OMT) a propósito da declaración de 2017 como Ano do Turismo Sostible. Só así se garantirá o equilibrio entre a preservación ambiental, a viabilidade económica e a equidade social na repartición de beneficios do desenvolvemento. Nun espazo que potencialmente pode iniciarse na actividade turística é básico ter presente un modelo que asegure a sustentabilidade da oferta turística e debe ser a garantía no mantemento do turismo ofertado. Polo tanto, a adecuada xestión dos recursos hídricos e das verteduras, a eficiencia enerxética e o diagnóstico ambiental deben asegurar un produto baseado no encontro coa natureza e as múltiples posibilidades que iso ofrece: práctica de deportes como sendeirismo, alpinismo ou cicloturismo, visita a espazos arbóreos, a masas de auga ou o coñecemento in situ das tarefas agrícolas e gandeiras son oportunidades posibles e orixinais para o visitante.
8. Esíxese unha mellora na calidade e competitividade dos recursos hostaleiros e dos espazos gastronómicos. Requírese unha importante cooperación entre a iniciativa pública e privada en aspectos básicos como a creación de paquetes turísticos ou a promoción de actividades ao longo de to-

do o ano de modo que se consiga unha maior ocupación hostaleira, que actualmente é baixa (51,6%). É preciso mellorar as carencias dotacionais existentes actualmente en canto ao aloxamento e aumentar a súa calidade para atraer un turismo que cada vez é máis esixente na súa demanda de servizos (Pérez, 2004).

9. A participación das asociacións da cidade, de colectivos e de institucións privadas é primordial para o desenvolvemento turístico da cidade; as actividades do voluntariado son imprescindibles. É necesario aumentar os sentimentos de identificación dos cidadáns co lugar no que viven, facilitando o coñecemento do seu pasado e servindo de atractivo para visitantes e turistas (Zárate, 2010), e como legado para as futuras xeracións (Zárate, 2016).
10. A Rexión de Murcia deseñou nas últimas décadas unha serie de plans estratéxicos (2006-2012 e 2015-2019), onde se promove integrar de maneira global toda a superficie rexional a través de distintas modalidades turísticas. Para o caso de Caravaca e a súa comarca, indícase o turismo relixioso, cultural e de lecer-natureza como os principais atractivos. Ademais, considérase Caravaca como un dos principais eixes vertebradores do turismo rexional, ao que tamén deberíamos engadir o turismo gastronómico, a ruta do viño de Bulas e a actividade de sendeirismo. A realización de estudos científicos é outra cuestión que debería potenciarse a través das universidades e doutros centros de investigación coa finalidade de analizar e propoñer liñas de mellora.
11. A fidelización das persoas que veñen a Caravaca e volven repetir é moi baixa. Os datos sinalan unha porcentaxe menor ao 15%, é dicir, daqueles que veñen a Caravaca soamente unha pequena parte volve repetir nos cinco anos seguintes. Isto implica a necesidade de crear no visitante a idea de que deberá volver nun tempo non demasiado afastado para seguir coñecendo a cidade e todo o que ofrece a súa contorna. A maior parte dos peregrinos non se identifican como turistas; só un 11% considera a visita a Caravaca como unha viaxe turística, aínda que a maior parte deles (un 86%) cataloga a cidade e a súa contorna como un lugar que ten amplas posibilidades turísticas. O perfil dos visitantes identifícase especialmente co de peregrinos-crentes: 74,4%, e en menor medida como turistas: 12,1%, deportistas-camiñantes: 9,8%, e viaxeiros: 3,7% (Figura 10).




Figura 10. Perfil dos peregrinos que chegan a Caravaca de la Cruz.
Fonte: elaboración propia.

12. O turismo de interior baseado en peregrinacións, cultura, patrimonio, natureza e actividades deportivas, tal e como se indicou, significa unha oportunidade magnífica para completar e diversificar a actividade económica da cidade de Caravaca, baseada na agricultura, na industria do calzado, na extracción de mármore e nos servizos. Requírese a promoción de novas iniciativas que sexan capaces de atraer o potencial turista que, polo momento, identifica Caravaca cunha cidade histórica cun singular xubileu, celebrado cada sete anos.

O municipio de Caravaca reúne suficientes potenciais para converterse nun espazo turístico competitivo de interior, atractivo pola súa singularidade e especificidade, tendo en consideración a xestión con intelixencia das fortalezas e das oportunidades para a posta en marcha da actividade turística ana-

lizadas a través deste artigo. Atopámonos nun momento de grandes retos nunha economía globalizada e de escalas, de cambio de tendencias e novas oportunidades de negocio, cunha sociedade que ve aumentar a súa dispoñibilidade de tempo libre e a capacidade de mobilidade, o que obriga a realizar un esforzo de creatividade, de visión de futuro, creando condicións desde a iniciativa pública e privada para diversificar a economía e fortalecer o desenvolvemento local do noroeste da provincia de Murcia (Espejo, 1997). O impacto xerado pola COVID-19 supuxo un espectacular descenso da actividade turística e económica en xeral, pero é previsible que cando se normalice a situación volva intensificarse o turismo. O próximo xubileu de 2024 propónse como un grande escaparate para a cidade, aínda que os anos restantes que faltan deberían aproveitarse ao máximo para seguir xerando expectativas, lanzar novas ideas e promocionar a singularidade de Caravaca de la Cruz e a súa contorna xeográfica que irradia toda a Comunidade Autónoma de Murcia e, por suposto, debería competir para alcanzar cotas máis altas a nivel nacional e internacional.

Bibliografía

- Andrés Sarasa, J. L. (2002). El turismo cultural como alternativa de áreas deprimidas: el caso del noroeste murciano. En J. S. García Marchante e M. C. Poyato Holgado (Coords.), *La función social del patrimonio histórico, el turismo cultural* (pp. 65-82). Cuenca: Universidad de Castilla-La Mancha.
Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=426590>
- Andrés Sarasa, J. L., e Espejo Marín, C. (2006). Interacción mito religioso/producto turístico en la imagen de la ciudad: Caravaca de la Cruz (Murcia). *Cuadernos de Turismo*, 18, 7-62.
Recuperado de: <https://revistas.um.es/turismo/article/view/17911>
- Canoves Valiente, G., Villarino Pérez, M., Blanco-Romero, E., de Uña Álvarez, E., e Espejo Marín, C. (Eds.). (2014). *Turismo de interior: renovarse o morir. Estrategias y productos en Catalunya, Galicia y Murcia*. Valencia: Universitat de València, Servei de Publicacions.
- Cebrián Abellán, A. (2001). Los proyectos de turismo cultural sostenible en Lorca y Caravaca de la Cruz (Murcia). En A. Cebrián Abellán (Coord.), *Turismo cultural y desarrollo sostenible: análisis de áreas patrimoniales* (pp. 315-334). Murcia: Universidad de Murcia, Servicio de Publicaciones.
Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=8342>
- Cebrián Abellán, A. (2004). Acción local, turismo y patrimonio en la Comunidad de Murcia. *Cuadernos de Turismo*, 16, 65-85. Recuperado de: <https://revistas.um.es/turismo/article/view/18391>
- Centro Regional de Estadística de Murcia. (2019). *Anuario Estadístico de la Región de Murcia 2019*. Murcia: Centro Regional de Estadística de Murcia.
Recuperado de: <https://econet.carm.es/web/crem/inicio/-/crem/anuario/actual/anuario.html>
- Chaves, V., e Faber, A. (2019). O turismo religioso na sociedade líquido-moderna. Apropiación da fé pelo trade turístico. *Estudos de Religião*, 33(2), 291-315.
Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7433464>
- Collings-Kreiner, N. (2014). Pilgrimage and mobilities: The 'pilgrimage turn' within the 'new mobilities paradigm'. En R.C. Lois-González, X. M. Santos Solla e P. Taboada-De-Zúñiga (Eds.), *New tourism in the 21st century: Culture, the city, nature and spirituality* (pp. 33-54). Newcastle upon Tyne, UK: Cambridge Scholars Publishing.
- Comisión Europea. (1999). *ETE-Estrategia Territorial Europea. Hacia un desarrollo equilibrado y sostenible del territorio de la UE*. Bruselas, Bélgica: Comisión Europea. Recuperado de: https://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docoffic/official/reports/pdf/sum_es.pdf
- Consejería de Obras Públicas y Ordenación del Territorio. (2008). *Plan general de ordenación urbana de Caravaca de la Cruz*. Caravaca de la Cruz: Ayuntamiento de Caravaca de la Cruz, Consejería de Obras Públicas y Ordenación del Territorio. Recuperado de: <https://www.caravaca.org/index.php/ayuntamiento/normativa-municipal/plan-general-kmz>
- del Romero, L. (2018). *Despoblación y abandono de la España rural. El imposible vencido*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- Espejo Marín, C. (1997). La oferta de turismo rural en el Noroeste de la Región de Murcia. *Geographicalia*, 35, 87-97. DOI: https://doi.org/10.26754/ojs_geoph/geoph.1997351693
- Espejo Marín, C. (2008). *El papel de los instrumentos de planificación en las dinámicas productivas y territoriales*. En F. Cebrián Abellán (Coord.), *Turismo y desarrollo local* (pp. 161-170). Cuenca: Universidad de Castilla-La Mancha, Servicio de Publicaciones.
Recuperado de: https://books.google.es/books?hl=en&lr=&id=NjEMwc1iAC&oi=fnd&pg=RA1-PA161&dq=info:UDURv_kQG9IJ:scholar.google.com&ots=LQFdj838oj&sig=K-fMeuueafc68H4lnKjZDKo-ubs&redir_esc=y#v=onepage&q&f=false

- García Ayala, J. A. (2010). Próximo destino: Caravaca de la Cruz. *Gran Tour: Revista de Investigaciones Turísticas*, 1, 79-96. Recuperado de: https://www.researchgate.net/publication/277268291_Proximo_destino_Caravaca_de_la_Cruz
- García Marín, R. (Ed.). (2016). *Lorca: ciudad histórica del Mediterráneo*. Murcia: Fundación Séneca. Recuperado de: <http://hdl.handle.net/10045/61603>
- García Pérez, N. (2003). Huellas. Repercusiones del turismo cultural en la Región de Murcia. *Cuadernos de Turismo*, 12, 119-130. Recuperado de: <http://revistas.um.es/turismo/article/view/19151>
- Lampreu, S. (2020). Estrategias de desarrollo territorial y turismo contra la despoblación de las áreas rurales en Cerdeña (Italia). *Revista Galega de Economía*, 29(2), 1-20. DOI: <https://doi.org/10.15304/rge.29.2.6908>
- Ley 3/1992, de 30 de julio, de patrimonio de la Comunidad Autónoma de la Región de Murcia. Lexislación consolidada. Comunidad Autónoma de la Región de Murcia. *Boletín Oficial de la Región de Murcia*, 189, de 14 de agosto de 1992 y *Boletín Oficial del Estado*, 22, de 26 de enero de 1993. Referencia: BOE-A-1993-1775. Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1993-1775>
- Martínez Roget, F., Castro Domínguez, M. N., e Fraiz Brea, J. A. (2018). O turismo como fonte de riqueza en Galicia: análise dalgunhas experiencias. *Revista Galega de Economía*, 27(3), 65-80. DOI: <https://doi.org/10.15304/rge.27.3.5437>
- Martínez, X., e Peón, D. (2015). Patróns de despoboamento do rural galego: unha análise por comarcas. *Revista Galega de Economía*, 24(1), 63-78 DOI: <https://doi.org/10.15304/rge.24.1.2698>
- Melgares Guerrero, J. A. (1992). Caballos del vino. En VV.AA., *Gran Enciclopedia de la Región de Murcia*, t. 2 (p. 249). Murcia: Ayalga.
- Millán Escriche, M. (2004). Ocio y turismo en la Región de Murcia. Estrategias para su diversificación. *Cuadernos de Turismo*, 14, 113-137. Recuperado de: <https://revistas.um.es/turismo/article/view/18571>
- Mojshovich, B., Raisovna, L., Aleksandrovich, O., Kamilevich, N., e Valerevna, E. (2017). Religious tourism in the tourism system. *Revista San Gregorio*, 20, 96-103. Recuperado de: <http://revista.sangregorio.edu.ec/index.php/REVISTASANGREGORIO/article/view/520>
- Molina Molina, A. L. (2002). Evolución urbana de Caravaca (s. XIII-1850). En J. J. Eiroa García, A. L. Molina Molina, J. A. Eiroa Rodríguez, J. L. Andrés Sarasa e C. Espejo Marín, *Evolución urbana y actividades económicas en los núcleos históricos* (pp. 49-69). Murcia: Universidad de Murcia, Grupo de investigación y Geografía del Urbanismo. Recuperado de: <https://www.um.es/grupos/grupo-his-geog-urbanismo/est-historicos-5.pdf>
- Morales Yago, F. J. (2018). Caravaca de la Cruz (Murcia): paisaje y patrimonio al servicio del turismo cultural y religioso. *Boletín de la Real Sociedad Geográfica*, 153, 201-234. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7002583>
- Morales Yago, F. J. (2021). Desarrollo local y vaciamiento demográfico en Moratalla (Murcia, España) ¿un proceso reversible a través de la promoción turística? *Terra*, 8. DOI: <https://doi.org/10.7203/terra.8.18435>
- Pérez de las Heras, M. (2004). *Manual del turismo sostenible: cómo conseguir un turismo social, económico y ambientalmente responsable*. Madrid: Mundi-Prensa.
- Pistocchi, F., Curiazi, R., e Dallaria, F. (2018). Nuevos peregrinos y nuevos turistas para la sostenibilidad medioambiental: el turismo lento como vía para la conservación de la autenticidad del patrimonio tangible e intangible de un territorio. *Antropología. Cuadernos de Investigación*, 19, 53-72. DOI: <https://doi.org/10.26807/ant.v0i19.138>
- Sánchez Romero, G. (2009). Ensayo histórico sobre los caminos de la Vera Cruz de Caravaca. *Murgetana*, 121, 31-64. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3107433>
- Santos Solla, X. M. (1999). Mitos y realidades del Xacobeo. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 28, 103-118. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1318654>
- Steil, C. A., e Marques, B. (2008). El Camino de las Misiones: reflexiones teórico-metodológicas a partir de una experiencia de peregrinación contemporánea. *Ciencias Sociales y Religión/Ciências Sociais e Religião*, 10(10), 17-48. DOI: <https://doi.org/10.22456/1982-2650.6708>
- Torres Fontes, J. (1969). *Colección de documentos para la Historia del Reino de Murcia. II: Documentos del s. XIII*. Murcia: Real Academia Alfonso X El Sabio.
- Unión Europea. (1999). *ETE-Estrategia Territorial Europea. Hacia un desarrollo equilibrado y sostenible del territorio de la UE*. Recuperado de: https://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docoffic/official/reports/pdf/sum_es.pdf
- Velasco González, M. (2009). Gestión turística del patrimonio cultural: enfoques para un desarrollo sostenible del turismo cultural. *Cuadernos de Turismo*, 23, 237-235. Recuperado de: <https://revistas.um.es/turismo/article/view/70121>
- Vera Rebollo, J. F., López Palomeque, F., Marchena Gómez, M., e Antón Clavé, S. (Coords.). (2011). *Análisis territorial del turismo y planificación de destinos turísticos*. Valencia: Tirant lo Blanch. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=675851>

Zárate Martín, M. A. (2009). Paisajes culturales urbanos españoles: la necesaria conciliación entre ordenación del territorio y urbanismo. *Boletín de la Real Sociedad Geográfica*, 145, 247-270.

Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3146300>

Zárate Martín, M. A. (2010). Paisajes culturales urbanos, un legado para conservar. *Anales de Geografía de la Universidad Complutense*, 30(2), 187-210.

Recuperado de: <https://revistas.ucm.es/index.php/AGUC/article/view/31868>

Zárate Martín, M. A. (2016). Paisajes culturales urbanos, oportunidad para la conservación del patrimonio y el turismo sostenible. *Estudios Geográficos*, 77(281), 693-728.

Recuperado de: <http://estudiosgeograficos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgeograficos/article/view/501>

Sitiografía

<http://caminodesanjuandelacruz.org/#recorrido>

<http://turismodemurcia.es/es>

<http://www.caravaca.org/>

http://www.fiestadelascuadrillas.com/https://www.eixoatlantico.com/images/SIE/181129-sie-turismo_barcelos/informe_estudio_camino_santiago-esp_laura-dopeso.pdf

http://www.regmurcia.com/servlet/s.SI?sit=c.371,m.1071&r=CeAP-1521-C_49_DETALLE_CENTRO

<http://www.turismocaravaca.com/es/>

https://es.wikipedia.org/wiki/Camino_de_la_Vera_Cruz_desde_los_Pirineos

<https://hoteles.muchoviaje.com/espana/murcia/hoteles-en-caravaca-de-la-cruz/escdc.html>

<https://www.murciaturistica.es/camino-de-la-cruz/etapas/>

https://www.murciaturistica.es/es/destinos_y_localidades/

<https://www.murciaturistica.es/es/noroeste/>

<https://www.regmurcia.com/servlet/s.SI?sit=a.74,c.369,m.1218&r=ReP-21348>